

# Estudo das violencias machistas na adolescencia temperá

**Tania Merelas Iglesias.** Doutora en CC. da Educación,  
especialista en xénero e políticas públicas de igualdade

# [1] Obxectivos do estudo

## **1. Obter información sobre a adolescencia de entre 14 e 15 anos que cursa 3º da ESO nos institutos de ensino secundario da cidade de Santiago de Compostela sobre:**

As súas representacións mentais en relación ao amor e o funcionamento das relacións de parella (FACTOR DE RISCO).

O grao de coñecemento en relación ás violencias machistas no contexto de parella (FACTOR DE PROTECCIÓN).

## **2. Guiar futuras campañas de información e sensibilización sobre o problema das violencias machistas na adolescencia no concello de Santiago de Compostela.**

# [1] Obxectivos do estudo

## **En relación aos factores de risco:**

- Analizar o grao de interiorización dos mitos do amor romántico na poboación adolescente.
- Coñecer o grao de sexismo interiorizado na poboación adolescente.

## **En relación aos factores de protección:**

- Avaliar a identificación de formas de abuso e violencias machistas no marco dunha relación de parella.
- Analizar a información coa que conta a poboación adolescente sobre o problema das violencias machistas no marco da parella.

# [2] Metodoloxía

## Triangulación de datos e información

CUESTIONARIO N= 497

Rapazas	Rapaces	NC
244	249	4

IES SANTIAGO DE COMPOSTELA	N
IES Arcebispo Xelmírez I	80
IES Plurilingüe Rosalía de Castro	82
IES Eduardo Pondal	70
IES Arcebispo Xelmírez II	59
IES Antonio Fraguas Fraguas	99
IES A Pontepedriña	44
IES Lamas de Abade	33
IES de Sar	30

# [2] Metodología

## Triangulación de datos e información

GRUPO DE DISCUSIÓN

Nº de grupos de discusión	N
3	24

## [3] Principais resultados

- **Os rapaces admiten en maior grao que as rapazas as afirmacións baseadas nos nesgos de xénero.**
- Se atendemos ao ton dos enunciados sexistas – benévolo ou hostil–, **tanto as rapazas como os rapaces admiten en maior medida os argumentos benévolos.**

### SEXISMO HOSTIL

Actitude ou conducta discriminatoria explícita, baseada na suposta inferioridade feminina.


**E1|** *“As mulleres son máis débiles que os homes en todos os aspectos”*

### SEXISMO BENÉVOLO

Actitude ou conducta discriminatoria sutil, encuberta e, mesmo, afectuosa.

**E4|** *“Pola súa sensibilidade, as mulleres son máis compasivas coa súa parella”*

## Media de sexismo hostil e de sexismo benévolo das rapazas e dos rapaces




## [3] Principais resultados

- **Os rapaces mostran un grao de interiorización do sexismo máis elevado que as rapazas**, o cal supón unha maior interiorización dos estereotipos de xénero.
- Os resultados reflicten o **elevado nivel de interiorización** daquelas **afirmacións que fan referencia a características asignadas á muller** que teñen que ver cos coidados, coa sensibilidade, coa compaixón, coa capacidade de perdoar ou de sufrir no marco das relacións afectivas.



**Media de sexismo hostil e de sexismo benévolo das rapazas e dos rapaces referido a atributos asignados por sexo**



- O 71,80% de rapazas e de rapaces que afirmaron que estiveron namoradas ou namorados (eles 195 – elas 159).
- O **grao de interiorización do sexismo benévolo elévase**, sobre todo nos enunciados que atenden á identificación das mulleres co afecto, cariño e sufrimento.


**Namorados:** os niveis de sexismo hostil interiorizado mantéñense, e elévase lixeiramente o benévolo.

**Namoradas:** os niveis de interiorización do sexismo hostil elévanse.

# Principais resultados

- As rapazas e os rapaces amosan **dificultades á hora de identificar a principal causa da violencia de xénero.**
- **Reproducen mitos** que poñen o acento en trazos persoais do agresor que, de xeito máis ou menos explícito, rebaixan a súa responsabilidade nos feitos.
- **Confúndense agravantes e factores individuais coa causa da violencia en si mesma**, tales como: trastornos mentais, consumo de alcol ou drogas ou perda de nervios.


# Principal causa da violencia de xénero




# Principais resultados

- **O 46,2% dos rapaces non identifica o illamento como unha situación de violencia machista, fronte ao 24,2% das rapazas.**
- Sobre os mitos do amor romántico, colle sinalar o nivel de interiorización dos celos como sinal de amor.
- **O 25% das rapazas e o 40% dos rapaces identifican os celos co amor.**

## Porcentaxe de rapazas e rapaces que identifican o illamento como violencia



## Porcentaxe de rexeitamento e interiorización do mito dos “celos” por sexo



# Moitas grazas

**Tania Merelas Iglesias.** Doutora en CC. da Educación,  
especialista en xénero e políticas públicas de igualdade